

AXENDA GALEGA do **CAMBIO**



en marea

CONGRESO



Este documento sintetiza as principais demandas da cidadanía de Galicia respecto do Estado. Asuntos que conforman a axenda pública galega e que son responsabilidade do Goberno de España. Son demandas que contan co aval da maioría dos cidadáns e cidadás de Galicia e en moitos casos co apoio unánime das institucións e a sociedade civil galega.

Nesta lexislatura En Marea incorporou estas cuestións na axenda estatal a través das súas iniciativas no Congreso e no Senado. Pero esta axenda vai máis alá das nosas propostas parlamentarias, trátase dunha axenda de país: son as nosas demandas porque son inquietudes, esixencias e desexos da inmensa maioría da nosa sociedade.

Todas son propostas necesarias e realizables, iniciativas de acción pública que se fan eco do sentir común da nosa cidadanía. En boa parte dos casos trátase de compromisos xa adquiridos polo Estado que aínda non se materializaron.

En Marea propón esta Axenda Galega do Cambio con vontade construtiva e de cooperación co novo goberno. O noso obxectivo é cumprir coa nosa xente e que estas demandas se concreten en políticas públicas. Un goberno de cambio ten que cumprir os seus compromisos con Galicia. O papel de En Marea é impulsar estas medidas, apoialas parlamentariamente, facilitar a súa realización e ser esixentes coa súa execución.

COMPROMISO COA NOSA XENTE E DIÁLOGO POLÍTICO

A cidadanía galega e do conxunto de España pide cambio. A moción de censura e o cambio de goberno responden a unha demanda maioritaria da sociedade. Unha sociedade madura que quere pasar páxina e contar cun goberno que se poña ao servizo da xente e que busque solucións aos seus problemas.

Este cambio chega da cidadanía e debémonos a ela. Neste sentido, o novo escenario político implica compromiso e diálogo. Compromiso coa maioría social e coa cidadanía progresista que avala o cambio. Diálogo construtivo para que a política sexa útil para a xente e se concrete nunha acción pública transformadora que cambie de verdade a vida das cidadás e dos cidadáns.

O novo goberno ten entre os seus retos sacar adiante unha nova axenda social, democrática, de desenvolvemento e territorial. Unha axenda social que deixe atrás os recortes, a precariedade e o abandono do Estado do Benestar; unha axenda democrática que deixe atrás a corrupción, os privilexios e a política de costas á xente; e unha axenda de desenvolvemento que deixe atrás a emigración dos nosos mozos, as carencias de modelo produtivo e a falta de expectativas da maioría da sociedade.



NOVA AXENDA TERRITORIAL E RECOÑECIMENTO DE GALICIA COMO SUXEITO POLÍTICO

A axenda territorial é tamén un dos retos do goberno. Do mesmo xeito que noutros ámbitos, a crise foi a excusa para un movemento recentralizador que está a bloquear o autogoberno e a mellora dos servizos públicos. A nova axenda territorial ten que afrontar positivamente os avances en autogoberno e a consideración complexa do Estado como unha realidade plurinacional.

Non podemos reducir a axenda territorial ao diálogo ou á xestión da cuestión catalá. Galicia non é menos que Cataluña, nin menos que Madrid. En Marea velará para que estes debates –centrais para o futuro do Estado e a súa organización territorial– non releguen os problemas de Galicia a un segundo plano.

A nova axenda debe ser consecuente coa consideración plurinacional de Estado e asumir a importancia do desenvolvemento do autogoberno galego como parte esencial dunha nova idea do Estado como goberno compartido. Cómpre avanzar no autogoberno e a cooperación como vías para mellorar a democracia e os servizos á cidadanía.

A cidadanía galega quere avanzar no seu autogoberno como nación e ser recoñecida como un suxeito con decisión nun novo escenario plurinacional. Neste sentido, o recoñecemento constitucional de Galicia como nacionalidade histórica ten que ser garantido en calquera modificación do modelo territorial.

O CAMBIO TEN QUE CUMPRIR CON GALICIA

Historicamente as relacións do Estado con Galicia tiveron un saldo deficitario. Arrastramos unha débeda histórica en infraestruturas, protección social, xeración de iniciativas económicas ou atención á axenda singular de problemas da sociedade galega: emigración masiva, dispersión poboacional, avellentamento e devalo demográfico. Houbo avances, certamente, pero a crise multiplicou as dificultades da nosa economía, crebou o noso mercado de traballo, ampliou as desigualdades, acrecentou as situacións de pobreza e precarizou as condicións de vida de milleiros de cidadáns e cidadás. Nin o Goberno do Estado nin a Xunta de Galicia estiveron a carón dos galegos e galegas agredidos pola crise.

Chegou a hora de Galicia. Neste documento trasladamos asuntos de diferente natureza e todos eles afectan á acción do goberno do Estado en relación con Galicia. Para o noso país é clave un financiamento autonómico que faga xustiza coa nosa sociedade e atenda o custo real dos servizos, que responda positivamente ás demandas pendentes de transferencia ou a decisións de goberno amplamente solicitadas, e ademais que fixe firmes compromisos orzamentarios e de execución das promesas incumpridas. O Cambio tamén significa que o Estado asume as súas responsabilidades na dimensión territorial e os compromisos adquiridos con Galicia como país.



1_ **Un modelo xusto para o financiamento do autogoberno galego**

Para avanzar na suficiencia financeira do autogoberno galego fai falla que se incrementen substancialmente os recursos do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) para que poida xogar un papel redistributivo e que todos os servizos públicos de Galicia poidan dispoñer dos recursos básicos para a súa prestación de calidade.

Un modelo de financiamento máis xusto e equitativo pasa igualmente por reforzar a ponderación das variables da dispersión e avellentamento para determinar a poboación axustada e o custo real da prestación dos servizos. Débese ter en conta ademais o despoboamento e a regresión demográfica nos criterios de repartición.

O criterio de nivelación debe incluír todos os servizos públicos descentralizados ás CC.AA. O novo modelo de financiamento debe incorporar o criterio de nivelación total e non o de nivelación parcial que só inclúe os denominados servizos públicos esenciais.

2_ **Saneamento das Rías**

A carencia de saneamento é un dos principais problemas limitantes da explotación pesqueira e marisqueira das Rías, con impactos igualmente negativos sobre as actividades turística e recreativas de amplas zonas da costa. O aumento da poboación concentrada nos concellos litorais aumenta a demanda de depuración de augas residuais e a lenta resposta da administración do Estado e da Xunta de Galicia na creación das infraestruturas precisas agrava aínda máis a perda de calidade das augas.

O Goberno do Estado deberá dar prioridade nos seus orzamentos á protección da calidade das augas das Rías e aumentar os investimentos en sistemas de saneamento e depuración de augas nas cidades galegas, nos traballos de dragaxe e na dotación económica de programas de restauración dos ecosistemas naturais á vez que ten que cooperar coa Xunta de Galicia para acurtar os prazos de execución da construción das infraestruturas de saneamento.

3_ **Transferencia e xestión pública da AP-9**

A AP-9 é unha autoestrada de titularidade estatal que vertebra o eixo demográfico e económico máis dinámico de Galicia. Con todo, a AP-9 continúa dependendo do Goberno central e mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía e pexan o seu uso como soporte de expansión da economía galega.

É necesario proceder a traspasar á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade da autoestrada AP-9, transferindo así as competencias, funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9. A Administración Xeral do Estado asumirá as obrigacións económicas e financeiras no caso de que, no exercicio das competencias delegadas, a Comunidade Autónoma acorde o rescate da concesión da autoestrada AP-9 para a súa reversión ao ámbito público.

4_ Devolver o Pazo de Meirás ao pobo galego

A recuperación de bens patrimoniais obxecto de espolio por parte do ditador Franco e a súa familia é unha materia pendente e unha inaceptable anomalía na nosa democracia. O Pazo de Meirás é resultado dun espolio no que están documentadas expropiacións forzosas e doazóns obrigadas. Tanto o Parlamento de Galicia, como o Congreso dos Deputados ou a Deputación da Coruña, instaron ao Goberno para que se implique na recuperación para o patrimonio público do Pazo de Meirás.

O Goberno debe adoptar as accións administrativas e xudiciais oportunas para a incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público e o seu posterior uso como un espazo público dedicado á Memoria histórica democrática.

5_ Rematar o AVE a Galicia

A falta de acordos orzamentarios firmes e os repetidos atrasos na execución das obras deixaron en evidencia unha notoria falta de compromiso dos Gobernos do Estado co desenvolvemento da liña de Alta Velocidade a Galicia. O Goberno debe asumir o cumprimento do último calendario temporal fixado para a finalización do tren de altas prestacións a Galicia a finais do ano 2019 e activar a execución da denominada Variante de Ourense e dos tramos en construción.

Avanzar no autogoberno

6_ **Efectivizar as transferencias pendentes por parte do Estado para o desenvolvemento do Estatuto de Autonomía de Galicia**

En lexislaturas anteriores, Galicia demandou do Estado unha serie de transferencias que non chegaron efectuarse, varias delas contan co aval unánime do Parlamento de Galicia. Cúmrese xa unha década de parálise no avance do autogoberno, é o momento de transferir aquelas competencias que son unha demanda institucional e da maioría da cidadanía galega. Neste sentido instamos ao novo goberno a:

- Reactivar a Comisión Mixta de Transferencias e a Comisión Bilateral de Cooperación do Estado coa Comunidade Autónoma Galega para iniciar ou retomar o diálogo para a transferencia de competencias e a resolución de conflitos pendentes.
- Viabilizar as transferencias pendentes referidas a:
 - Titularidade e competencias da Autoestrada do Atlántico (AP9).
 - Inspección de traballo.
 - Transferencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.
 - Portos de interese xeral do Estado.
 - Salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña,
 - Sanidade penitenciaria.
 - Titularidade da AP-53, tramo Santiago-San Domingo (Dozón).

Vertebrar o país, conectar Galicia

7_ **Tren de proximidade para as áreas metropolitanas galegas**

A creación dunha rede de trens de proximidade é unha sentida demanda social en Galicia que foi reiteradamente desatendida polo Estado a pesar da súa importancia para favorecer a articulación e cohesión territorial e social debido á súa accesibilidade, tarifas económicas e notables vantaxes ambientais.

O Goberno do Estado debe asumir como prioridade o desenvolvemento de redes de tren de proximidade nas áreas Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol que, cumprindo todos os requirimentos poboacionais e de distancia, son as únicas de todo o Estado que aínda carecen do seu servizo, e planificar, igualmente, a extensión do tren de proximidade ao resto de cidades galegas.

8_ **Desenvolvemento das conexións ferroviarias Vigo-Porto e A Coruña-Ferrol**

Executar a saída sur ferroviaria de Vigo, adoptando as medidas necesarias que permitan definir compromisos temporais concretos e dotacións económicas para unha obra que supoñería a prolongación do Corredor do Eixo Atlántico con Portugal e que funcionaría como elemento facilitador para optimizar as conexións de proximidade na área Metropolitana de Vigo.

Ferrol sempre demandou formar parte da liña ferroviaria do Eixo Atlántico. O Eixo Atlántico debe comezar na fronteira con Portugal e terminar en Ferrol.

9_ **Mellora do tren convencional**

A finais de 2012 o Goberno do Estado acordou a suspensión de numerosos servizos de tren convencionais en Galicia, estes recortes de servizos foron ratificados o pasado ano. Para revertir a degradación do servizo de tren convencional é preciso dotar orzamentariamente proxectos para mellora do tren de media distancia con ampliación de servizos e frecuencias así como impulsar a modernización e reforma integral da liña de ancho métrico (antiga Feve): Ferrolterra-Ortegal-A Mariña, no marco dun Plan para a conexión ferroviaria entre as principais cidades galegas e a súa interconexión cunha rede de proximidade e de media distancia e a intermodalidade con outros medios de transporte.

10_ **Seguridade ferroviaria e compromiso coa verdade do Alvia**

Debe priorizarse poñer en servizo o sistema de seguridade ERTMS (European Rail Traffic Management System) no corredor do Eixo Atlántico de alta velocidade,



así como na totalidade da vía Ourense-Santiago, axilizando o proceso para a súa operatividade dada a demora que acumula.

Unha vez constituída no Congreso, a petición de En Marea, a Comisión de Investigación sobre o accidente ferroviario ocorrido en Santiago o 24 de xullo de 2013, o Goberno ten que asumir o compromiso coa verdade e coas conclusións derivadas da mesma. Debe asumir así mesmo que a CIAF, órgano adscrito ao Ministerio de Fomento, realice unha nova investigación, baixo criterios de independencia e obxectividade, dando cumprimento ás recomendacións efectuadas pola Axencia Ferroviaria Europea á petición da Eurocámara e da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo.

11_ Mellora de estradas e a súa seguridade

É preciso que o Goberno execute un Plan integral de recuperación, rehabilitación e reforma das denominadas estradas nacionais que presentan tramos en mal estado, falta de mantemento e unha avanzada degradación produto da ausencia de investimentos na súa conservación: N-VI, N-634, N-120, N-540, N-547, A-6, N-525, N-642 e N-640.

É necesario que o Goberno realice un estudo da Rede de Estradas do Estado en Galicia para delimitar aqueles tramos que actualmente teñen o perfil de travesías urbanas ou de tramos urbanos e que presentan problemas de seguridade viaria derivados do paso dunha vía nacional por localidades, núcleos de poboación ou zonas residenciais.

Emprázase ao Goberno para que proceda de forma inmediata a cumprir co compromiso de liberar a peaxe no tramo da Autoestrada do Atlántico AP-9 entre Vigo e Redondela, así como entre Vigo-Porriño (alternativa á perigosa vía A-52).

12_ Portos galegos: condonación de débeda e financiamento

O Goberno do Estado debe garantir a igualdade de trato e consideración entre as diferentes autoridades portuarias galegas en relación ao acordado para o Consorcio Valencia 2007 nos termos relativos á adopción das medidas orzamentarias e normativas que procedan a efecto do financiamento estatal e asunción por parte do estado das débedas xa contraídas, ou que se xeren por parte das Autoridades Portuarias pola execución das infraestruturas de interese xeral en terreos portuarios ou necesarios para a súa operatividade, conectividade e competitividade.

Neste sentido ínstase a condonar o préstamo de 200 millóns de euros outorgado por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira ou conceder unha axuda económica equivalente.

Cómpre convocar a Comisión de Seguimento dos convenios de 2004, que abrían a porta á venda de terreos da fachada marítima coruñesa para o financiamento das obras do porto exterior de Punta Langosteira, co obxectivo de proceder á revisión dos mesmos para garantir a titularidade e a xestión públicas do conxunto do litoral portuario da Coruña.

13_ Investimento nas autoestradas do mar

As autoestradas do mar son infraestruturas claves para a creación de corredores marítimos para o transporte intercontinental de mercadorías. Para o impulso desta estratexia é imprescindible o aumento das dotacións asignadas para o reforzo da Autoestrada do Mar Vigo-Nantes e a apertura doutras novas autoestradas marítimas desde os portos de Vigo, A Coruña e Ferrol.

Vivir da terra

14_ Unha reforma da PAC a favor das e dos agricultores

A reforma da PAC debe acompañarse de propostas e presión política por parte do Goberno para que non se adopten medidas que penalicen a Galicia. É fundamental continuar esixindo a eliminación dos dereitos históricos cuxo cálculo penaliza non só ás producións galegas, senón ás producións situadas nas comarcas máis desfavorecidas.

É imprescindible dotar nos orzamentos unha liña de axudas directas orientadas ao sostemento e apoio ás rendas agrarias das explotacións pequenas e medianas, profesionais e ligadas ao territorio que manteñen vivo o medio rural. É igualmente necesario crear un marco normativo que evite a especulación cos dereitos e introduza criterios de asignación de carácter social

Así mesmo cómpre introducir un cambio nos criterios distribución das axudas, condicionadas por factores sociais, ambientais e económicos e que se estableza un límite claro e significativo no monto a recibir.

As posicións defendidas polo Goberno español, durante o proceso de negociación da Reforma da PAC, incluído o seu voto final no Consello da Unión Europea, deberán ser sometidas previamente a debate e aprobación polo Congreso dos Deputados e a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, buscando o maior consenso e lexitimidade política posible.

15_ Financiamento do Desenvolvemento Rural en Galicia

Galicia é das CC.AA. que se financian ao 75% con fondos FEADER e o 25% de cofinanciación estatal. Resulta necesario volver ao equilibrio na cobertura do financiamento de 50% CC.AA. e 50% Administración Xeral do Estado.

É igualmente necesario establecer un marco financeiro multifondo para a política de desenvolvemento rural de maneira que poida integrarse o financiamento de calquera dos Fondos Europeos.

Aplicar a Lei 45/07 de Desenvolvemento Sustentable do Medio Rural empezando polas comarcas rurais galegas con maiores dificultades estruturais. Elaboración de Plans de Zona para estas Comarcas, e financiamento a través dun convenio interinstitucional entre a CC.AA.-Entidades Locais e Administración Xeral do Estado.

16_ Apoio ao sector lácteo

Galicia é unha potencia en produción de leite; con todo, o sector lácteo galego leva anos en crise, o que fai necesaria a adopción de medidas para evitar o peche de explotacións e que Galicia continúe á cabeza das principais rexións produtoras de Europa.



Demandamos o mantemento das axudas directas e da axuda adicional do Fondo de crise ás explotacións que atopan dificultades para garantir a súa continuidade, polo menos ata 2020. É igualmente imprescindible dar Impulso á cooperativización do sector e prestar apoio ás organizacións de produtores de leite para reforzar a capacidade das ganderías na negociación de prezos. Adicionalmente, hai que vixiar o cumprimento do Plan Nacional de Controis da Contratación no sector lácteo, xunto coas CC.AA., e a través do Protocolo de control da venda de leite líquido envasado a prezos anormalmente baixos, en colaboración coa Dirección Xeral da Industria Alimentaria. E hai que avanza na mellora da transparencia da transmisión do valor ao longo da cadea de subministración.

17_ Profesionalización da actividade agraria das mulleres rurais e titularidade compartida das explotacións

En Galicia segue sendo dominante a invisibilidade do traballo das mulleres rurais no sector agrario. A titularidade de practicamente a totalidade das explotacións agrarias atópase en mans de homes e case ningunha muller cotiza á Seguridade Social, o que prexudica os seus dereitos económicos e sociais. Para cambiar esta situación de desvantaxe é urxente equiparar os dereitos e obrigacións de homes e mulleres derivados da titularidade dunha explotación agraria mediante a adopción de medidas encamiñadas a conseguir a aplicación efectiva da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, aprobada co consenso de todas as forzas políticas.

Seis anos despois da aprobación da Lei o seu impacto é practicamente nulo en Galicia. Neste sentido é preciso impulsar campañas de difusión da norma e de sensibilización de homes, mulleres e técnicos encargados de aplicala, xunto co desenvolvemento de programas de mellora da formación do persoal encargado da atención ao colectivo agrario e dos rexistros habilitados, aumentando a coordinación entre as distintas Administracións Públicas e rexistros con competencias na materia e, especialmente, avanzar na simplificación dos trámites e do proceso de inscrición no rexistro das explotacións agrarias de titularidade compartida.

18_ Subsidios por desemprego para traballadoras e traballadores agrarios

As prestacións e subsidios por desemprego para proporcionar unha renda substitutiva do salario ás persoas traballadoras cando perden o seu emprego, ou non conseguen acceder a un novo posto de traballo, son unha peza fundamental do noso sistema de protección social. Carece de xustificación que determinados colectivos de traballadores/as soporten maiores restricións de acceso ás prestacións e subsidios por desemprego, por iso é necesario que o Goberno do Estado impulse as reformas necesarias mediante a derogación do artigo 287.2 b) do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLXSS) para estender os subsidios por desemprego aos traballadores e traballadoras eventuais e fixos discontinuos do sistema especial de traballadores agrarios por conta allea. Iniciativa que tería unha tradución especialmente positiva nas economías familiares agrarias de Galicia.

19_ Programa de modernización e sustentabilidade dos sistemas de regadío en Terras de Lemos, Terra Cha e A Limia

Terra de Lemos, Terra Cha e A Limia son tres comarcas galegas que contan cunha importante agricultura de secaño que para desenvolverse precisa aumentar e consolidar as superficies regadas, sendo imprescindible modernizar e ampliar as infraestruturas de regadío, reforzar as actuacións de mantemento, introducir melloras no uso e xestión da auga e avanzar nun uso eficiente da enerxía. Para favorecer a modernización e sustentabilidade dos sistemas de regadío fai falta ampliar os investimentos da Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (SEIASA) na Terra Cha e A Limia e deseñar un programa de actuación en Terras de Lemos.

20_ Programa especial de erradicación de pragas

O Estado debe dotar con fondos especiais os programas de erradicación da vespa velutina, a couza guatemalteca na pataca e a avispiña na castaña. Dada a gravidade destas pragas, que están a asolar Galicia e outras zonas da península, é preciso un esforzo extraordinario para lograr a súa erradicación. Estas pragas supoñen unha auténtica alarma ambiental e tradúcense en cuantiosas perdas produtivas que pexan gravemente a actividade agraria de moitas comarcas galegas á vez que representan un risco sanitario e de seguridade de primeira magnitude.

Vivir do mar

21_ Pesca: descartes cero

Ante a inminente entrada en vigor, en 2019, da aplicación total da Obrigación de Desembarque que esixirá a entrega de todas as especies capturadas suxeitas a cotas de pesca, é urxente que o Goberno solicite da Unión Europea a procura de solucións para a aplicación real e efectiva da norma de obrigación total de desembarque de descartes, partindo dun diagnóstico real do estado das pesqueiras, a orixe dos descartes e a súa influencia na práctica pesqueira e nos ecosistemas afectados, tendo en conta o compoñente social como un alicerce máis da sustentabilidade na que ten o seu fundamento a Política Pesqueira Común.

22_ Defender a riqueza económica, ambiental e social da pesca tradicional

A pesca costeira artesanal en Galicia ten unha grande importancia tanto desde o punto de vista social, como económico e cultural. É fonte de riqueza e creación de miles de empregos directos e indirectos. Son innumerables os beneficios deste tipo de pesca, que axuda a fixar poboación nas localidades costeiras galegas, xa que a súa actividade diaria funciona como un motor dinamizador das pequenas economías. Ademais a pesca artesanal adopta prácticas pesqueiras sustentables e respectuosas co medio ambiente mariño. Trátase, por tanto, dunha actividade e un medio de vida a preservar, mesmo a incentivar e promover con políticas adecuadas.

O goberno debe solicitar á Unión Europea que adopte, de forma consensuada co sector, unha definición de pesca artesanal clara e que incorpore as artes tradicionais respectuosas co medio que son máis relevantes na actividade pesqueira galega como a arte do «xeito»; que se desenvolva e se aplique o apartado 25 da Resolución do Parlamento Europeo sobre unha nova Política Pesqueira Común que considera que a pesca artesanal accidental debe quedar excluída dos TAC e que á pesca artesanal ou de litoral se lle apliquen devolucións cero.

23_ Plan Nacional de Seguros Combinados sobre pesca, marisqueo e acuicultura. Seguros de mala mar

Desenvolver un sistema público de seguros á pesca, marisqueo e acuicultura, semellante ao que existe en agricultura debe ser unha prioridade do Goberno do Estado contando cunha entidade estatal de seguros e cun acordo coas entidades aseguradoras e financeiras. O sistema en agricultura demostrou a súa utilidade ao longo dos anos. Deberíase empezar a aplicar sobre a Base dun Primeiro Seguro por Mala Mar, continxencia absolutamente previsible.

24_ Revisión da idade de xubilación dos traballadores e traballadoras do mar

É necesario que o Goberno do Estado promova a revisión das idades anticipadas de xubilación atendendo ás diferentes actividades, moi especialmente no Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar mediante a modificación do Real Decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación neste réxime especial, de maneira que se valore efectivamente a penalidade do traballo realizado, non fixando os coeficientes en función da tonelaxe do buque ou do longo de eslora, senón do tipo de traballo, da súa penosidade e da duración dos períodos de permanencia lonxe de casa.

Apostar pola industria e a innovación

25_ **Plan de impulso do sector industrial galego**

De 2005 a 2015, Galicia perdeu 50.000 empregos industriais. Unha estratexia económica de futuro pasa, inicialmente, por recuperar os empregos perdidos na industria e ampliar a porcentaxe de emprego industrial. Esta necesaria ampliación do tecido industrial en Galicia precisa dun firme compromiso investidor do Estado.

Para dar conta dese obxectivo é preciso incrementar os investimentos para a formación de clústeres industriais e a impulsar a diversificación das Pemes galegas. Necesítase igualmente mellorar o valor engadido na transformación de produtos agropecuarios, do mar e forestais; aumentar o peso das actividades da industria química, do caucho, do plástico e das empresas farmacéuticas, da fabricación de equipos informáticos e de maquinaria. Por outra banda, é imprescindible incrementar o número de empresas galegas exportadoras e impulsar proxectos de industria 4.0 co obxectivo de fomentar a automatización e a dixitalización das empresas industriais.

26_ **Sector naval galego: aposta industrial estratéxica**

O sector naval, público e privado, ten un carácter estratéxico para Galicia sendo un motor económico, garantía de emprego e referente de innovación. O Estado debe impulsar unha activa política comercial en Navantía que asegure carga de traballo á Ría de Ferrol.

Navantia é unha das principais opcións industriais de futuro de Ferrolterra e precisa un compromiso público que, asegurando unha sólida carteira comercial e carga de traballo, permita ampliar a súa actividade e avanzar na súa especialización en buques, plataformas e outros produtos de alto valor engadido e seguir desenvolvendo a súa capacidade tecnolóxica como unha sólida garantía para a dinamización nos territorios onde o estaleiro público ten os seus centros de produción.

Igualmente é necesario potenciar o clúster do naval para fortalecer a cooperación dos diferentes actores, públicos e privados, así como a posición exterior do sector, incluíndo a procura de financiamento non convencional para o desenvolvemento dos buques.

27_ **Plan de recuperación de talento científico e profesional na emigración**

Desde 2010 emigraron 100.000 mozos galegos de entre 15 e 35 anos de idade, normalmente con estudos cualificados. A taxa de emigración xuvenil en Galicia sitúase por riba da media do Estado e suma o 7,1% dos mozos emigrados de España. A súa marcha ten un enorme impacto negativo sobre o avellentamento demográfico en Galicia pero tamén se traduce nunha perda de capital humano que limita as

capacidades da economía galega e que algúns expertos estiman que representaría entre o 8 e o 10% do PIB galego durante a próxima década.

Impulsar políticas de retorno pasa por aumentar significativamente o financiamento de proxectos no marco do sistema nacional de garantía xuvenil dirixidos á mocidade retornada e moi especialmente por estimular o recrutamento de xente nova con demostrada capacidade investigadora ou profesional para reforzar o sistema galego de I+D+i ou enriquecer os cadros de persoal do sector industrial.

28_ Programa de impulso da Sociedade da Información: acceso á banda ancha nas zonas rurais

A redución da fenda dixital derivada da existencia de desiguais condicións de acceso ás TIC no Estado rexistra en Galicia avances menores nos últimos anos. Galicia achégase á converxencia cos indicadores estatais de uso da internet e dispoñibilidade de equipamentos no fogar, pero segue por detrás da media española. Cando se analizan os datos en detalle, advírtese tamén que no interior de Galicia persiste unha fenda dixital moito maior e as zonas rurais están aínda moi lonxe da converxencia.

Esta razón fai imprescindible ampliar cobertura de banda ancha para garantir o acceso en igualdade de condicións para as persoas que viven nas zonas rurais á vez que se incide na redución da fenda dixital por razóns de xénero e idade.

De aí que sexa necesario impulsar unha estratexia liderada por Red.es e sostida por investimentos públicos para a extensión dunha rede de comunicacións que proporcione servizos de comunicacións de banda ancha aos concellos rurais galegos como soporte necesario para o desenvolvemento de novas iniciativas económicas que contribúan á fixación de poboación no seu territorio e a frear o seu devalo demográfico.

Aproveitar a enerxía de Galicia

29_ **A enerxía é un dereito, factura eléctrica accesible para todos os fogares**

Propoñemos reformar o mercado eléctrico, acabando cos «beneficios caídos do ceo» das eléctricas. Cómpre aprobar un gravame sobre o exceso de retribución que reciben no mercado centrais xa amortizadas, como as nucleares ou as hidráulicas. Os ingresos deste gravame que agora van parar a mans do oligopolio eléctrico reverterían no sistema eléctrico e serían destinados integramente a baixar o prezo da electricidade.

A fixación de prezos debe tender a axustar a retribución final ao custo de xeración real de cada enerxía. Neste contexto, Galicia é unha das principais comunidades exportadoras de electricidade, sendo unha peza clave no sistema enerxético que debe recibir un trato acorde coa súa importancia.

É necesario intervir na conformación da factura eléctrica para garantir que o acceso á enerxía sexa un dereito e que a electricidade sexa considerada un ben esencial de acordo á normativa europea. Débese reducir inmediatamente o custo da parte fixa. Desta forma, reduciríase a factura e aumentará a importancia da parte variable, a parte do consumo, o que supoñería tamén incentivar pautas de eficiencia e un uso máis consciente.

A erradicación da pobreza enerxética pasa pola configuración do bono social eléctrico e a ningún consumidor vulnerable debe poder interrompérselle a subministración eléctrica nin de gas.

30_ **Recuperación para a xestión pública das centrais hidroeléctricas galegas a medida que vaian rematando as concesións**

Desde hai décadas as compañías privadas xestionan en Galicia 148 centrais hidroeléctricas baixo réxime de concesións que empezaron xa a caducar. No próximos dez anos o prazo de permiso para explotar os ríos galegos terminarase en 15 saltos de auga, en 4 deles xa o fixo recentemente.

Solicitamos un firme compromiso do Goberno para o cumprimento da Lei de Augas e non sacar a concurso público a xestión das centrais hidroeléctricas de Galicia ás que lle caduquen a concesión e que a súa xestión pase a ser pública.

Así mesmo é necesario que os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos se tramiten sen atrasos como sucede, na actualidade, con algúns saltos lucenses e ourensáns sobre os que se está tramitando expediente de extinción de aproveitamento.

Ademais, os beneficios das centrais de xestión pública deberán destinarse á restitución económica e social nos concellos afectados polas instalacións hidroeléctricas e a outros fins de utilidade pública ou interese social ou ambiental.

31_ Reactivar os fondos Miner para as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas de carbón (As Pontes e Cerceda)

As axudas para a Minería do Carbón e o desenvolvemento das Zonas Mineiras estruturáronse principalmente no Plan 1998-2005 e o Plan 2006-2012 como axudas á reactivación das comarcas mineiras, pero en 2012 o Goberno do Partido Popular paralizou os fondos mineiros.

As Pontes e Cerceda non contarán cunha estratexia de futuro se o Goberno non diseña, en colaboración cos concellos e a Xunta de Galicia, plans de emprego e reindustrialización para estas comarcas cando deixen de funcionar as centrais térmicas existentes nestes municipios; con ese obxectivo é necesario que se reactiven os Fondos Miner paralizados en 2012. Fondos imprescindibles para financiar programas de creación de infraestruturas, a restauración de zonas degradadas por mor da actividade mineira e a formación técnica para persoas traballadoras e empresas.

32_ Garantir prezos competitivos para a industria electrointensiva

O actual sistema de poxas de interrompibilidade da enerxía eléctrica nas grandes empresas ten un custo esaxerado, un volume de potencia interrompible innecesario e un sistema de poxa complexo e gravoso, e aínda que é unha mestura de ferramenta técnica e de axuda á industria en xeral, e de forma particular á electrointensiva, non resolve o problema da competitividade da industria a medio prazo debido á súa falta de estabilidade.

O Goberno debe impulsar unha reforma do sistema para garantir unha retribución máxima e uns volumes de potencia interrompible durante un período razoable para favorecer a seguridade xurídica para a industria galega, en especial para empresas como Ferroatlántica ou Megasa, grandes prexudicadas polo sistema actual de poxas.

Ademais de modificar a regulación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade é preciso establecer, con cargo aos Orzamento Xerais do Estado, liñas de axuda directa trianuais, ao amparo das directrices da Comisión Europea para o financiamento do apoio á enerxía procedente de fontes renovables e a colaboración no proceso de transición enerxética.

Coidar á nosa xente

33_ **Cumprir as obrigacións do Estado en materia de dependencia e financiamento do copago farmacéutico**

O Goberno do Estado debe asumir a cota financeira que lle corresponde para atender os servizos e prestacións da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e é igualmente necesario que aumente a súa achega do 20% ao 50%. Na mesma liña é preciso un compromiso firme do Executivo para facer efectivo o incremento dos fondos estatais destinados ao copago farmacéutico.

34_ **Os concellos, instrumentos clave contra a violencia machista**

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado o 28 de setembro de 2017 polo Congreso, confire un papel protagonista aos municipios na prevención, detección e atención integral fronte á violencia machista. Para cumprir con esa obrigación os Concellos necesitan dun marco competencial claro, un financiamento suficiente e unha estrutura profesional estable que sosteña os programas e servizos de prevención, detección e atención integral necesarios.

Para iso é preciso realizar, durante os cinco próximos exercicios, a transferencia directa e finalista aos Concellos dos 20 millóns de euros anuais previstos no Pacto para a adecuada prestación de servizos de detección e atención integral. É igualmente necesario introducir as reformas legislativas necesarias para incluír como competencia propia dos Concellos a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a prevención e atención integral fronte á violencia machista, así como para que poidan contar con profesionais especializadas para atender eses servizos.

É igualmente necesario modificar a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL) para incluír como competencia propia dos concellos a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a prevención e atención integral fronte á violencia machista, así como para que poidan contar con profesionais especializadas no seu persoal para atender eses servizos.

Pensións dignas e xustas

35_ **Revalorización das pensións mínimas galegas**

En Galicia hai 675.000 pensionistas que representan o 25% da poboación. Esta porcentaxe está moi por riba da media do Estado. O mantemento do poder adquisitivo das pensións beneficia de forma directa a un de cada catro galegos. A pensión media galega, que se sitúa en 810 euros, é a segunda máis baixa do Estado.

O mantemento do poder adquisitivo e a dotación por parte do Estado dun complemento compensatorio para as pensións máis baixas é unha actuación imprescindible para lograr unha melloría nas condicións de vida e benestar e, ao tempo, poder frear a progresión da pobreza entre as persoas maiores en Galicia.

36_ **Regularización das pensións dos emigrantes retornados**

O proceso de regularización do IRPF iniciado en 2014 ás persoas que perciben pensións do estranxeiro, traducíuse nun trato moi desfavorable para este colectivo singularmente numeroso en Galicia. Para paliar esa situación é preciso abrir un novo prazo de regularización e que a Axencia Tributaria devolva de oficio as recargas ou sancións impostas.

Ademais, para que as persoas de nacionalidade española traballadoras no estranxeiro poidan ver plenamente salvagardados os seus dereitos económicos e sociais, é necesario acometer reformas lexislativas que garantan que as pensións por incapacidade xeradas noutros países da Unión Europea teñan os mesmos efectos que as xeradas en España.

37_ **Recoñecemento das pensións de xubilación dos mariños de Long Hope**

Noruega non recoñece pensións de xubilación a máis de 12.000 traballadores do mar, embarcados nos seus buques entre 1948 e 1994, por carecer da condición de residentes mentres traballaban alí, aínda pagando os seus impostos. As reivindicacións deste colectivo contan co apoio unánime das institucións galegas.

É urxente que o Goberno do Estado impulse unha negociación co Reino de Noruega para alcanzar un acordo que poña fin a esta situación de discriminación dos mariños de Long Hope a través dun Convenio bilateral da Seguridade Social con Noruega –tal e como xa propuxo o Parlamento Europeo en 2011 e a Comisión Europea en 2013– e, se é o caso, que o Estado acuda como 3ª parte diante do Tribunal Europeo de Dereitos na demanda interposta contra o Reino de Noruega.

Coidar o noso medio

38_ **Maior compromiso do Estado na dotación de medios de loita contra os incendios e contra a eucaliptización**

Ademais de aumentar a dotación de medios de prevención e extinción de lumes forestais do Estado, é necesario introducir limitacións no uso de solos calcinados, impulsar a repoboación con especies autóctonas e evitar a propagación de especies invasoras.

Singularmente, hai que modificar o artigo 50.1 da Lei de Montes 21/2015, do 20 de xullo, de modo que se estableza a prohibición expresa de cambiar o uso do solo calcinado nun período de 30 anos posterior a un incendio forestal, non permitindo a recualificación de terreos queimados antes de devandito período, retornando así á lexislación anterior, máis garantista e proteccionista neste aspecto.

Igualmente é preciso incluír na estratexia para facer fronte ao Cambio Climático, a necesidade de acoutar a expansión das plantacións de eucalipto por ser especies pirófitas que facilitan a propagación rápida de incendios, e establecer acordos de colaboración coas CC.AA. para dotar economicamente un plan de repoboación paulatina con especies autóctonas que axuden a restaurar a biodiversidade, desvencellándoo dos intereses económicos de grandes empresas.

39_ **Anulación da prórroga de ENCE na ría de Pontevedra**

Estando en funcións, o Goberno do Partido Popular ditou en xaneiro de 2016 unha resolución concedendo a ENCE (Enerxía e Celulosa) unha prórroga por 60 anos da concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a súa fábrica de pasta de celulosa en Lourizán (Pontevedra).

Para consolidar a presenza desta empresa na ría de Pontevedra modificouse a Lei 22/1988 de Costas e aprobouse a Lei 2/2013 de protección e uso sustentable do litoral. Decisión arbitraria e discrecional contra a que existen varios recursos xudiciais pendentes e que suscitou un rexeitamento maioritario na sociedade galega.

Os negativos impactos ambientais das súas actividades veñen sendo denunciados e verificados pola Asociación Para a Defensa da Ría (APDR) desde hai décadas e foron ratificados en 2002 por unha sentenza por delito ecolóxico de contaminación atmosférica e hídrica contra ENCE- Elnosa.

O Goberno do Estado ten que atender as promesas feitas para revisar a prórroga outorgada a ENCE polo goberno en funcións de Mariano Rajoy, fiscalizar os continuos incumprimentos da concesión e facer efectiva a derogación da prórroga para lograr a saída definitiva do complexo ENCE- ELNOSA da ría de Pontevedra.

Coidar a nosa cultura e a nosa lingua

40_ **Plan de dinamización económica, turística e de protección patrimonial das rutas xacobeas**

Ademais do Camiño Francés hai outras 9 rutas xacobeas en Galicia (Camiño de Fisterra e Muxía, Vía da Prata, Camiño Inglés, Camiño Primitivo, Camiño do Norte, Ruta do Mar de Arousa e río Ulla, Camiño de Inverno, Camiño Portugués e Camiño Portugués da Costa) que articulan espazos de grande interese paisaxístico e atesouran un notable patrimonio histórico e artístico.

O destino turístico de Santiago de Compostela e a rede de rutas xacobeas convertéronse nas últimas décadas en importantes eixos de dinamización turística que favoreceron o desenvolvemento de iniciativas hostaleiras e de restauración e contribuíron a revalorizar produtos artesanais ou alimentarios nas comarcas atravesadas polas rutas de peregrinación.

Ademais as rutas xacobeas ofrecen grandes vantaxes para impulsar iniciativas locais ligadas á protección e conservación do patrimonio cultural que deberían ser privilexiadas mediante programas concertados polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia para contribuír á dinamización económica e favorecer a permanencia de poboación nova no medio rural.

41_ **Avalar ante a UNESCO a candidatura como Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra**

Os valores ambientais, históricos e patrimoniais da Ribeira Sacra fana acreedora da súa declaración como Patrimonio da Humanidade. Para facela realidade, é necesaria unha actuación do Goberno do Estado, coordinada coa Xunta de Galicia, os concellos e as asociacións e organizacións socioculturais da Ribeira Sacra, para axilizar a presentación da súa candidatura como Patrimonio da Humanidade ante a UNESCO e impulsar un Plan Integral para o seu desenvolvemento socioeconómico e a protección e divulgación do seu patrimonio ambiental e cultural.

42_ **Cumprimento dos dereitos lingüísticos**

O Consello de Europa reiterou en sucesivos informes de seguimento da Carta Europea das Linguas Minoritarias o incumprimento por parte do Goberno español e da Xunta de Galicia de moitos dos compromisos adquiridos e graves déficits no uso das linguas cooficiais no Estado en ámbitos como a administración de xustiza, a sanidade, os medios de comunicación e o ensino.

Para dar conta das directrices da Carta Europea de Linguas Minoritarias é preciso que o Goberno do Estado impulse accións para incentivar o uso da lingua galega –e as outras linguas cooficiais– na administración de xustiza, de modo que se garanta a

celebración de procedementos xudiciais na lingua materna; se activen os protocolos necesarios para garantir o uso da lingua galega na Administración Xeral do Estado facendo efectivo o dereito para realizar trámites, acceder a documentación ou ser atendido na lingua que desexe cada cidadán ou cidadá.

43_ Plurilingüismo e promoción das linguas cooficiais

O Estado debe asumir a súa condición plurilingüe no funcionamento das súas institucións centrais e a diversidade lingüística e cultural como un valor. Debe, por tanto, ser garante do plurilingüismo, asumindo a utilización e promoción do galego –e as demais linguas cooficiais– nas diferentes institucións do Estado.

Teñen especial relevancia os ámbitos centrados na comunicación ou na difusión cultural, as diversas linguas deben ser consideradas como instrumentos de comunicación e bens culturais a promover e protexer. Para iso, os medios de comunicación públicos estatais e as institucións de promoción cultural (editorial, audiovisual...) deben integrar estes obxectivos na súa programación.

44_ Nulidade das sentenzas dos Consellos de Guerra franquistas

Como acto de restitución democrática debe procederse á anulación dos Consellos de guerra aos defensores da orde constitucional republicana tras o golpe militar de 1936. Trasládase a relación das 45 persoas ilexitimamente inculpadas, entre elas, Alexandre Bóveda.

Dereito a unha vivenda digna

45_ **Vivenda: IBI máis redistributivo e consideración de vivenda baleira**

É prioritario proceder á modificación da Lei Reguladora de Facendas Locais, en concreto do artigo 72.4, para que se fixe a definición do que se considera vivenda baleira con carácter permanente, e proceder á modificación do artigo 74.2 da devandita lexislación para establecer un IBI máis redistributivo, de modo que os concellos poidan regular bonificacións de ata o 90% en casos de situacións socioeconómicas desfavorables.

46_ **Vivenda: protección do gas radón**

O Goberno debe desenvolver o Regulamento para a protección dos edificios fronte á exposición ao radón, que debe ser incorporado ao Código Técnico da Edificación (CTE) no Documento Básico HS de Salubridade, co fin de incorporar a normativa europea sobre protección fronte ao radón. É igualmente necesario convocar ás CC.AA. e aos municipios máis afectados para establecer liñas de colaboración e información sobre o radón e as medidas para levar a efecto o Plan de Acción e as súas estratexias para facer fronte aos riscos de exposición a longo prazo que inclúan aqueles territorios, municipios e zonas habitadas con maior potencial de exposición que xa están determinados na cartografía elaborada polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN).

47_ **Salvagarda dos consumidores de produtos financeiros**

O Goberno do Estado debe impulsar novas directrices para a protección e salvagarda dos consumidores produtos financeiros e tomar en consideración as medidas recollidas nas conclusións da Comisión de investigación da crise financeira –onde se abordou a fondo o problema das caixas de aforro galegas– para previr situacións de abuso e falta de transparencia na comercialización de produtos financeiros como os xerados no momento da emisión e venda de accións preferentes dos bancos e caixas de aforros.

Xustiza con recursos

48_ **Medidas para paliar a situación xerada pola folga na xustiza**

Para paliar os efectos da folga que tivo practicamente paralizada a xustiza en Galicia durante 114 días, de febreiro a maio de 2018, é necesario contar cun reforzo adicional ao previsto no Plan estratéxico para a normalización da situación xerada pola folga, xa que este unicamente contempla como necesarios, ademais dos funcionarios xudiciais, 5 xuíces e ningún letrado da Administración de Xustiza, previsión que resulta totalmente insuficiente para atallar a situación. Para iso é necesario que aqueles xuíces e letrados da Administración de Xustiza que o desexen poidan facer horas extra para reforzar o Plan actualmente previsto, polo que o Ministerio debe chegar a un acordo co CGPJ sobre a retribución desas horas extra.

49_ **Creación de novos órganos xudiciais**

A Memoria xudicial de Galicia aprobada o 30 de xullo de 2018 considera órganos cuxa creación é ineludible e urxente, polo menos, os seguintes: na xurisdición Social, 2 Xulgados do Social, un en Santiago de Compostela e outro en Vigo, así como unha praza na Sala Social do Tribunal Superior de Xustiza. Na xurisdición Civil, un Xulgado de Primeira Instancia e outro do Mercantil, ambos os dous na Coruña, e unha praza para a Sección 6ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo. Ademais, sería necesaria tamén a creación dunha praza na Sección 1ª, con competencia civil, da Audiencia Provincial de Lugo e unha praza de maxistrado na sección penal da Audiencia Provincial da Coruña.

50_ **Xulgados de Violencia de Xénero**

Conversión dos Xulgados de Violencia sobre a Muller en exclusivos en Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra, como paso previo á comarcalización dos Xulgados de Violencia, a fin de dar unha resposta eficiente e especializada a esta problemática. Esta medida deberá ir acompañada da debida dotación de medios materiais e persoais, así como dos equipos técnicos necesarios para garantir o correcto e áxil funcionamento dos devanditos Xulgados

INTERVENCIÓNS NAS CIDADES GALEGAS

A Coruña

- O Estado debe condonar o préstamo de 200 millóns de euros outorgados por Portos do Estado á Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do porto exterior de Punta Langosteira ou conceder unha axuda económica equivalente.
- Recuperación dos terreos da fachada portuaria da Coruña liberados para dedicalos a uso público; garantía de titularidade e xestión pública; e constitución dun consorcio de administracións públicas para estes fins.
- Impulsar e financiar a conexión ferroviaria do porto exterior de Punta Langosteira para garantir a súa plena operatividade, a súa conectividade e promoción internacionais, en especial no referido ao Corredor do Cantábrico, así como no Plan de investimentos dos Portos do Estado e nos plans de empresa da Autoridade Portuaria da Coruña.
- Aumento das dotacións para a execución definitiva do proxecto AP-9: Viario 18 de ligazón coa terceira rolda e coa Vía Ártabra.
- Aprobación do proxecto definitivo de humanización da Avenida Alfonso Molina e licitación da obra, en colaboración co Concello da Coruña.

Ferrol

- Tren de proximidade Ferrol-A Coruña digno, incorporando a Ferrol como parte da liña ferroviaria do Eixo Atlántico. Unha liña non reformada de 1913 que percorre o 60 km entre Ferrol e A Coruña en hora e vinte e con frecuencias ridículas.
- Para isto esiximos a renovación da liña A Coruña-Ferrol de maneira inmediata. Demándanse actuacións en relación a: construción dunha variante (By- Pass) en Betanzos Infesta; mellora do trazado; desdobres da liña en diferentes tramos; electrificación da liña; establecemento de apeadeiros en núcleos de poboación importantes; incremento do número de circulacións e mellora das cadencias, con intervalos de tempo fixos en función do tipo de horario.
- Rehabilitación do antigo edificio da Administración de Aduanas de Ferrol e cesión ao Concello de Ferrol para a súa dotación a usos sociais.

Santiago

- Convocatoria do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela para a aprobación do Plan estratéxico 2018-2026, dividido en seis eixos de actuación: mantemento e restauración do patrimonio; cultura e sociedade; medio ambiente; patrimonio propio e equipamentos da cidade; planificación de estudos para a participación en proxectos europeos; e gobernanza e coordinación coas administracións competentes.
- Presentación do proxecto e dotación orzamentaria suficiente e adecuada para a inmediata execución do proxecto “enlace orbital”, de conexión da AP-9 co Polígono de Sionlla, a N-550 e a A-54 (Autovía de Lavacolla).
- Axilización dos trámites para o estudo de impacto ambiental simplificado do proxecto de construción da EDAR da Silvouta e avances no convenio de

colaboración entre o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Concello de Santiago de Compostela.

- Rotonda de Conxo. Despois da construción do túnel de Conxo, o proxecto non fica rematado sen a humanización da superficie da rotonda; un proxecto clave para a mellora da conexión do barrio para o acceso do Camiño Portugués.

Pontevedra

- Dotación orzamentaria para a rehabilitación do edificio da antiga delegación de Facenda en Pontevedra para destinalo a usos sociais.
- Traslado da Subdelegación de Defensa de Pontevedra a outras dependencias e cesión do edificio ocupado na actualidade para a instalación dunha escola infantil.
- Dotacións para o acondicionamento da Avenida Josefina Arruti, en Pontevedra, para a corrección das numerosas deficiencias do viario cuxa reparación require de investimentos urxentes.

Vigo

- Executar o saída sur ferroviaria de Vigo, con compromisos temporais concretos e dotacións económicas para prolongar o Corredor do Eixo Atlántico con Portugal, e que funcionaría como elemento facilitador para optimizar as conexións de proximidade na área Metropolitana de Vigo.
- Conversión en travesía urbana do tramo de entrada da AP-9 a Vigo, desde a Avenida de Buenos Aires ata o centro urbano.
- Dotación de fondos para a instalación dunha biblioteca pública estatal na cidade de Vigo, respondendo a unha demanda histórica nesta cidade e a unha necesidade patente pola situación de colapso das bibliotecas existentes.
- Ampliación do Centro de Inserción Social (CIS) “Carmen Avendaño”, destinado a internos de réxime aberto, coa construción de tres novos pavillóns anexos ao edificio central, para alcanzar os 150 cuartos dobres (agora ofrece 66) e servizos comúns.

Lugo

- Incremento dos servizos de transporte ferroviario de Media Distancia para a mellora das conexións coa Coruña, Ourense e Monforte de Lemos, e con horarios adaptados ás necesidades de mobilidade da poboación.
- Dotación orzamentaria para a Rehabilitación e acondicionamento da Praza de Conde de Fontao en Lugo, onde se sitúa a estación de ferrocarril de RENFE, que se atopa en estado de progresivo deterioro.
- Dotación para o mantemento da Ponte Nova de Lugo sobre o río Miño, que non dispón de investimentos para a súa correcta conservación.
- Construción dunha pasarela peonil sobre a Rolda Norte de Lugo (N-640) á altura do barrio das Gándaras, para garantir a seguridade dos viandantes.



Ourense

- Restauración para a reapertura do Museo Arqueolóxico de Ourense, que leva pechado 16 anos en espera destas obras, co obxecto de recuperar un dos elementos centrais de dinamización cultural e turística da cidade.
- Dotación orzamentaria para o comezo inmediato das obras de construción da variante exterior de Ourense correspondente á L.A.V. Galicia, dando cumprimento aos compromisos do Ministerio de Fomento nesta materia. Débese evitar que a alta velocidade entre na cidade polo corredor antigo, con curvas de radio inferior ao da curva de Angrois, cun elevado índice de perigo, evitando perpetuar a brecha urbana que limita a vertebración da cidade incomunicando a dous dos barrios máis poboados desta.
- Dotación de fondos para a execución da estación intermodal de Ourense, seguindo as recomendacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia: que garanta unha intermodalidade efectiva por medio da integración da estación de autobuses; que minimize o impacto da entrada e saída de vehículos sobre o Centro de Saúde da Ponte anexo ás instalacións; e que garanta a permeabilidade entre os barrios da Ponte e o Vinteún.

